



UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

11. MAD01 25044

Mediante resolución do 11 de maio de 1999 desenvólvese o Acordo de Xunta de Goberno para que os Centros, a proposta dos Departamentos, realicen as convocatorias dos traballos academicamente dirixidos antes do inicio de cada curso académico. A data límite para a publicación da convocatoria é o 15 de xullo e a de resolución a do 10 de setembro.

O Departamento de Xeografía eleva informe ó Centro para que se amplie este prazo co fin de que os alumnos ERASMUS poidan solicitalos, así como aqueloutros que, por diferentes circunstancias orixinadas coa implantación do novo plano de estudos, non o fixeron con anterioridade, polo que

RESOLVO:

PRIMEIRO.- Autorizar á Facultade de Xeografía e Historia para que realice unha nova convocatoria de traballos academicamente dirixidos para a titulación de Xeografía.

SEGUNDO.- Esta nova convocatoria deberá someterse á Resolución do 11 de maio de 1999 en tódalas alíneas establecidas na mesma agás nas relativas ós prazos.

Santiago de Compostela, 10 de decembro de 2001

O RECTOR

Darío Villanueva Prieto

SR. SECRETARIO XERAL - SR. VICERRECTOR DE ORDENACIÓN ACADÉMICA E TITULACIÓNS - SR/A DECANO/A DA FACULTADE DE XEOGRAFÍA E HISTORIA - SRA. XEFE DO SERVICIO DE ALUMNADO - SR XEFE DOS SERVICIOS INFORMÁTICOS - SR. DIRECTOR DO C.O.I.E. - SR. XEFE DO SERVICIO DA ASESORÍA XURÍDICA - SR. XEFE DA UNIDADE DE XESTIÓN ACADÉMICA DO CAMPUS SUR.